

Servizo de Enerxía e Minas de Ourense.
Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Expediente: IN408A 2017/020

Denominación do proxecto: Parque eólico MARCOFÁN

Promotor: MARCOFÁN EÓLICA, S.L.

Asunto: Solicitud de informe técnico.

ANTECEDENTES

O 26.01.2022 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia á Dirección Xeral de Defensa do Monte desde o Servizo de Enerxía e Minas de Ourense (Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación) un informe sobre o estudo de impacto ambiental do parque eólico MARCOFÁN, situado nos concellos de Beariz, Boborás e O Irixo. O 24.03.2022 achégase dende o mesmo servizo reiteración na solicitude de informe.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia

Dentro da zona comprendida pola poligonal existen tres puntos de carga de auga para motobomba (identificacións 32011027, 32011028 e 32011029) e un punto de carga apto tamén para helicóptero (identificador 32013013) situado a mais de 600 m do aeroxenerador máis cercano. Manterase en todo momento habilitado o acceso dos medios dos servizos de prevención de incendios forestais a estes depósitos.

Os viais e zanzas transcorren por infraestruturas preventivas existentes (pistas e cortalumes). As pistas de acceso afectadas deberán permanecer transitables e libres de obstáculos que impidan a actuación dos medios; no caso de incidencia nos cortalumes existentes, as instalacións permitirán a execución das labores de mantemento con maquinaria pesada.

INFORME

En base ó anterior e tendo en conta os condicionantes recollidos nas consideracións legais e técnicas informo FAVORABLEMENTE o estudo de impacto ambiental do parque eólico MARCOFÁN,

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica
O director xeral de Defensa do Monte

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE
San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 881 996 391
defensadomonte.mediorural@xunta.gal
mediorural.xunta.gal

